

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 18 DE FEBREIRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de febreiro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel, estando tamén presente o Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 11 de Febreiro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de

apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: RIB/N/41.4/07.

A D Ramón Alonso Camba , en representación de PROMOCIONES LENTILLE,S.L., con domicilio na avda. Parque nº 26, Carballiño, para levar a cabo as obras de construción de edificio para garaxes, locais comerciais e 24 vivendas na rúa Ribeiro, Nº 45(47), desta vila, que se realizarán segundo o proxecto Básico , de Execución e anexo redactado polo arquitecto D. Luís Antonio Chao Gómez, con visado de 5 de outubro de 2007, e 3 de xaneiro de 2008, respectivamente.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Construción de edificio para garaxes, locais comerciais e 24 vivendas.

Contía na que se orzan as obras: 1.426.255,81 euros.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Ribeiro nº 45(47).

Redactor do proxecto: D Luís Antonio Chao Gómez .

Director de Obras e de Execución: D. Luis Camilo de Anta Rodríguez

Nome ou razón social do promotor: Promocions Lentille S.L..

Prazos: Os sinalados no Informe Técnico de data 30 de xaneiro de 2008 ; o prazo de inicio das obras é de un mes e o prazo de remate de tres anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras .

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 22.05.07, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 37.082,65 euros, e visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende a 1.426.255,81 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Características do proxecto:

O “Proxecto Básico de edificio para 24 vivendas e locais”, con data de visado de 21 de maio de 2007; o “Proxecto Básico e de Execución de edificio para 24 vivendas e locais”, con data de visado de 5 de outubro de 2007; e o seu Anexo, con data de visado de 3 de xaneiro de 2008; están redactados polo arquitecto D. Luís Antonio Chao Gómez, estando o seu cargo a Dirección Facultativa das Obras e a Dirección da Execución Material das Obras a cargo do arquitecto técnico D. Luís Camilo de Anta Rodríguez.

O Estudio de Seguridade e Saúde, con data de visado colexial de 3 de agosto de 2007, está redactado polo arquitecto técnico D. Luís Camilo de Anta Rodríguez, estando o seu cargo a Coordinación en Execución.

O Proxecto Técnico de Infraestrutura Común de Telecomunicacións, con data de visado colexial de 19 de outubro de 2007, está redactado polo enxeñeiro superior de telecomunicacións D. Julio Pérez Formoso.

* SITUACIÓN E CONDICIÓN URBANÍSTICAS:

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Os terreos están incluídos dentro do Solo Urbano Consolidado, respectándose, na Documentación Técnica presentada, a franxa de 20 m. de fondo respecto a alineación da Estrada Nnal.-120 que quedan incluídos dentro do solo Urbano Non Consolidado.

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais inclúese a parcela dentro da delimitación do Polígono de Percepción, polo que é de aplicación, ademais da Ordenanza 4.1. RC Residencial Cerrada, que aparece grafiada no Plano de Ordenación, a Ordenanza CD: Centros Diferenciados, que no seu apartado 4.10.2. “Prescripción de ordenacións específicas” dita:

“As alturas sinaladas nas Ordenanzas anteriores veranse limitadas pola altura máxima de percepción non superable en ningún punto ó obxecto de evitar a presenza dunha cortina que impida a contemplación dos valores arquitectónicos da vila, observados dende a Estrada de Acceso.

A tal efecto delimitase un Polígono de Percepción en planos nº 5 dentro do que a edificación, ó nivel da parte superior da cuberta, non superará en ningún punto a rasante da referida estrada...”

Na Documentación Técnica presentada cúmprese esta condición, habendo obtido o Informe Favorable da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I. na súa sesión de data de 29 de xuño de 2007.

* CARACTERÍSTICAS DA PARCELA:

CESIÓNS:

En base o *artigo 19º.- Deberes dos propietarios de solo urbano consolidado da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do*

medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro, deberán cederse gratuitamente ó municipio os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento.

No Anexo ó Proxecto presentado, defínese a nova alineación axustada á definida polo planeamento.

INFRAESTRUTURAS:

O vial público o que da fronte a parcela presenta calzada con pavimentación asfáltica e beirarrúas de baldosa hidráulica. Contando cos servizos urbanísticos de abastecemento de augas e de saneamento municipais, así como rede de alumeadado público, electricidade e telefonía.

Estarase ó disposto no Informe de Aqualia, empresa concesionaria, de data de 24 de xaneiro de 2008, en canto ás condicións técnicas das acometidas xerais do edificio á rede de saneamento, á de abastecemento e á de pluviais, que se transcriben a continuación:

- Acometida de abastecemento:

Para o nº de vivendas descrito (24 vivendas e locais), considerase necesaria unha acometida de abastecemento de, ó menos, un diámetro de 63 mm., en polietileno de 16 atm. de presión, a realizar mediante collarín de toma en carga, de fundición con chave de paso de comporta á saída da acometida, con rexistro de acceso cadrado de 40x40 cm. Esta acometida á rede xeral realizarase o través da Av. Do Ribeiro á tubería de abastecemento (fundición de 200 mm.) que discorre pola beirarrúa.

Á entrada do edificio (normalmente no propio garaxe) aconséllase a colocación dunha válvula reguladora de presión, para protexer a instalación interior de posibles sobrepresións da rede xeral. En todo caso, a instalación interior do edificio cumprirá có estipulado na Orde de 9 de decembro de 1975 ó respecto das “Normas básicas para as instalacións interiores de subministro de auga”.

- Acometida de saneamento:

A rede xeral de saneamento dispónse ó través da Av. Do Ribeiro situada na beirarrúa, para a conexión á rede xeral deberase realizar un pozo de saneamento circular de diámetro 1 m., con tapa de rexistro en fundición D400 de 60 cm. de diámetro, ó que irá a dar a acometida de saneamento do edificio que, en todo caso, deberase realizar mediante tubo de PVC de diámetro mínimo 200. Ademais deberase realizar unha arqueta de rexistro cadrada de 50x50 cm. na beirarrúa pegada ó borde da edificación.

- Acometida de pluviais:

A acometida de augas pluviais será independente da de saneamento. A rede de pluviais existente discorre pola beirarrúa cun diámetro de 400 mm. Deberá realizarse un pozo de pluviais circular de diámetro 1 m., con tapa de rexistro en fundición D400 de 60 cm. de diámetro, ó que irá a dar a acometida de pluviais do edificio, en todo caso, deberase realizar mediante

tubo de PVC de diámetro mínimo 200. Ademais deberase realizar unha arqueta de rexistro cadrada de 50x50 cm., na beirarrúa pegada ó borde da edificación.

* CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO:

DATA DE VISADO DO PROXECTO BÁSICO: 21 de maio de 2007.

DATA DE VISADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN: 5 de outubro de 2007.

DATA DE VISADO DO ANEXO: 3 de xaneiro de 2008.

A edificación que se pretende construír está composta por unha planta soto para uso de garaxe e rochos, cun total de 26 prazas de aparcamento e 28 rochos; planta baixa para uso de local comercial; catro plantas altas, para uso de vivendas, cun total de 24, distribuídas seis por planta; e planta baixo cuberta destinada a 6 rochos.

Planta.....	superficie construída.....	Uso
Soto	970,82 m ²	prazas de garaxe (26) e rochos (28).
Baixa.....	970,82 m ²	comercial e portal.
1 ^a , 2 ^a , 3 ^a e 4 ^a	621,45 m ² c/planta	6 vivendas por planta.
Baixo Cuberta.....	312,74 m ²	rochos.
Total	4.740,18 m ²	

O Presuposto de Execución Material que se estima no Proxecto Básico e de Execución presentado é de 1.426.255,81 €(un millón catrocentos vinteseis mil douscentos cincuenta e cinco euros con oitenta e un céntimos).

A documentación técnica presentada cumpre coas condicións da Normativa Urbanística, condicións de Habitabilidade, condicións de Accesibilidade e condicións de protección contra Incendios.

A urbanización deberase realizar de forma simultánea á edificación, estimándose o Presuposto de Execución da mesma en 7.000 €

En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada.

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Deberá presentar unha fianza por importe de 7000 €, pra responder dos gastos de urbanización.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIÓN URBANÍSTICAS.-

Expte: 07/12/2007/6460-CU/405: Vista a solicitude de Don Marcial Mosquera Rodríguez , con domicilio en rúa Ribeiro, N°30 ,Ribadavia no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no paraxe de A Veronza, (Ref. Catastral 10.31.5-07 e 08), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 12.02.08, que literalmente di:

1. A ordenación urbanística do **Concello** de **Ribadavia** corresponde ás **NNSSM**, publicadas nos **BOP n° 239** de 16 de outubro de 1986 e **n° 66** do 23 de marzo de 1987, **NCSPP**, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no **DOGA** do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de **Galicia**". **DOGA** n°.252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro; Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de **Galicia**, así como disposicións concorrentes.

O Plan actual non foi adaptado á vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de **Galicia**; (**LOUGA**), no seu prazo establecido.

1.1 O **Concello** de **Ribadavia** non dispón de PLAN de CONDUCCIÓN.

- 1.1.1 Consta informe da administración hidráulica, Confederación Hidrográfica do Norte de data 17 de xaneiro de 2008, **RS: 198** e onde sinala:

"Así mesmo, segundo o artigo 6, 7 e 9 do citado Regulamento, as marxes da canle están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal a unha zona de servidume de 5 metros de anchura, para uso público, na cal non se poderá edificar sobre ela sen obter a autorización pertinente que se outorgará en casos moi xustificados, e a unha zona de policía de 100 metros de anchura na que se condicionará o uso do chan e as actividades que se desenvolvan, co fin de protexer o dominio público hidráulico e o réxime de correntes ".

- 1.1.2 Esta situación de servidume hidráulica para ambas as dúas parcelas provén do regueiro **Maquianes** e río **Avia**.

- 2 Tipos de chans. O plan anterior á **LOUGA** establece. Chan Urbano, regulado pola Ordenanza R.C. Residencial pechada 4.1.

- 2.1 Chan urbano. Segundo a cartografía oficial corresponde á trama de cadrados. Chan urbano na categoría que se establece no Art. 12-b) da **LOUGA** e sen que conste en forma expresa nas **NNSSM** as categorías do chan urbano.
- 2.2 Chan Urbanizable. SUB (**P/UM**) **Se** corresponde coa trama de niño de abella, sendo de aplicación os Artigos 14, 21, 22, e 23 da **LOUGA**. En correspondencia co resto da regulamentación concorrente.
- 3 As parcelas números 07 e 08, do polígono 10.31.5. requiren amen doutras actuacións de desenvolvemento derivadas da súa clase e categoría de chan, a parcelación previa que deriva da imposición do plan en canto que se establecen dúas clases de chan, parcelación que así confirmase o plan actual coas súas particularidades que se impoñen pola **LOUGA**.
- 4 Para ambos os dous tipos de chans teranse que establecer as áreas que cumpran as condicións de **equidistribución** de cargas e beneficios segundo establece a **LOUGA**.
- 4.1 Segundo procedementos que se indican no Art. 117, en adaptación ao establecido no Art. 46 "Limites de **sostenibilidade**" e concorrentes.
- 5 Estarase ao que determina a D. **T. Primeira e Segunda da LOUGA**, así como a Carta de Orde Oficial do Director **Xeral de Urbanismo**, de data 14 de marzo de 2006, **R E N° 1187**.
- 6 Atopa en curso un expediente administrativo de modificación e adaptación das **NNSSM** á Lei, cono así consta, modificación que se corresponde a un documento urbanístico, **PXOM**.

Expte: 31/01/2008/825-CU/47: Vista a solicitude de Don Miguel Pérez García, con domicilio en santa María , N°9 ,Castrelo de Miño no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na antiga N-120, San Paio, (Ref. Catastral 23.39.7-17-18-19), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 08.02.08, que literalmente di:

Visto o escrito de D. **Miguel Pérez García**, de data 31 de xaneiro de 2008, **RE N° 825**, onde "**solicita información urbanística dun solar sito na antiga N-120 de San Paio, segundo plano que se achega**".

Achégase copia de Plano das **NNSSM**, sobre o que se sitúa o terreo.

O ordenamento urbanístico do **Concello de Ribadavia** corresponde ás **NNSSM** publicadas no **BOP n° 66** do 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde as **NCSPP** publicadas no **DOGA** do 19 de xuño de 1991,

ESTUDIO de DETALLE de **SAN PAIO TRAVESÍA**, aprobado en Pleno do 29 de febreiro de 1996 e publicado no **BOP** do 19 de novembro de 1996.

Este ordenamento supeditase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de **Galicia**". **DOGA** nº.252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro; Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de **Galicia**, así como disposicións concorrentes.

1 As parcelas de referencia, correspóndese a Chan Urbano, regulado polas seguintes Ordenanzas:

1.1 Ordenanza **UMA-III**, nunha banda de edificación de 20 metros e con fronte á Vella Estrada N-120.

1.2 Ordenanza **UMB-II**, no ámbito definido segundo a Cartografía Oficial e con fronte ao camiño das Escolas, ou Camiño **Sampaio Quinza**.

1.3 As devanditas parcelas téñense que parcelar, segundo establece a ordenación vixente, Parcelación imposta polo plan ademais doutras que coincidan coa lexislación urbanística aplicable, segundo o sólido capaz autónomo que cumpra con das condicións de habitabilidade aplicables.

1.4 As Aliñación e Rasantes, segundo se establece na Cartografía Oficial E.D., Plano 4.1 do E.D.

Expte:22/01/2008/597-CU/34: Vista a solicitude de Don Angel Javier Martínez Rodríguez, con domicilio en rúa Joaquín Robla Nº 105, Francelos no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na praza Cruceiriño, (Ref. Catastral 96.10.09), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 08.02.08, que literalmente di:

Visto o escrito de D. Anxo **J. Martínez Rodríguez** de data 22 de xaneiro de 2008, **RE Nº 597** onde "Solicita condicións urbanísticas da zona que se achega marcada" en plano".

Achega copia dun plano das **NNSSM**, remarcando os Polígonos Catastrais 96.10.9 e 96.10.4, sen que precise sobre unha parcela.

1. A ordenación urbanística do **Concello** de **Ribadavia** corresponde ás **NNSSM**, publicadas no B.O.P. nº 66 do 23 de marzo de 1987, supeditando á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de **Galicia**, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro; Lei 6/2007, do 11 de

maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

As NNSSM, sinalan no punto 4.10.2 da NORMATIVA URBANÍSTICA II PRESCRICIÓN DE ORDENACIÓN ESPECÍFICAS.

Sínálase para Francelos como figura de desenvolvemento un PERI como estudio diferenciado.

O seu ámbito territorial sínálase no plano correspondente das NNSSM.

A Ordenanza CU: CONXUNTO URBANO EN CONSERVACIÓN PARCIAL DE CARÁCTER 4.8. A súa consideración será para os efectos de fixar criterio do propio elemento de desenvolvemento (PERI) sen dispoñer en forma precisa, de aliñacións, rasantes, aproveitamentos, pormenores estéticos por área etc. condicións que corresponderán á figura do PERI, tramitado en forma regulamentaria.

No propio expediente constarán as razóns e situación administrativa do PERI.

2. No ámbito de Francelos, atopa a Igrexa a San Xes, Declarada Monumento Histórico Artístico, por Decreto do 20 de abril de 1951.

Por razón de proximidade, calquera intervención requirirá o Informe da Consellería de Cultura.

3. O "Carácter" aplicable, deberá ser da tipoloxía correspondente á edificación pegada en condicións particulares que sinala a Ordenanza CU, Categoría a-II, en concorrencia á 4.8; e sempre supeditado ás disposicións xéreas que se concretan nas "Normas de Aplicación Directa", Art. 104 e seguintes da LOUGA.

LICENCIA DE ACTIVIDADE.-

Visto o escrito de **Dona Carmen Rodriguez Dacosta**, Delegada Provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, con domicilio na Avda da Habana nº 79-5º.320004 Ourense, no que solicita licencia para actividade de Oficina de Emprego nun inmovible sito na rúa Ribeiro nº 13 baixo, a Xunta de Goberno Local tendo en conta os antecedentes, documentación técnica e informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de data 07-02-08, que se atopan no expediente, acorda conceder licencia definitiva para a actividade de Oficina de Emprego.

Visto o escrito de **Dona Laura Rodríguez Arias**, con domicilio na rúa José M^a Martínez Vázquez N^o 5, baixo , no que solicita licencia para actividade de exposición e venda de roupa nun inmovible sito na rúa José M^a Martínez Vázquez N^o 5, baixo a Xunta de Goberno Local tendo en conta os antecedentes, documentación técnica e informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de data 18-02-08, que se atopan no expediente, acorda conceder licencia definitiva para a actividade de exposición e venda de roupa, o cal titular fará aboamento neste Concello de 130,63 euros, taxa aplicable segundo a ordenanza fiscal correspondente, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

CONCESION DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vistas as solicitudes presentadas nesta Administración Local para a concesión de postos de venda na Praza de Abastos e tendo en conta a existencia de postos vacantes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder os seguintes postos:

Posto n^o 2. Planta Baixa (Venda de Flores). Dona Maria Esther Pereiras López.
Posto n^o 9. Planta Baixa (Venda de Flores). Dona Manuela Miguelez Gómez.

Estas ocupacións terán o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obriganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados.

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

TRAMITACION DE EXPEDIENTE EN SOLO RUSTICO.-

2En relación ó expediente de autorización en Solo Rústico e conforme ó trámite regulado polo artigo 41.2.b da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, para a adecuación edificación existente para uso de balneario, no lugar de Prexigueiro, deste municipio, promovido por Termas de Prexigueiro S.L., a Xunta de Goberno Local, unha vez presentada a documentación solicitada polo Servizo Provincial de Urbanismo con data 05-12-07, por unanimidade, acorda:

1.- Informar favorablemente a actividade prantexada pola empresa Termas de Prexigueiro S.L.

2.- Remiti-lo devandito expediente a Dirección Xeral de Urbanismo, ós efectos do artigo 41 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”.

CEMITERIOS.-

“Visto o escrito de **Dona Luisa González Freijido**, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Santiago nº 5, no que interesa o cambio de titularidade das sepulturas nº 246T, no socialco segundo dereita do cementerio municipal que ata agora estaba a nome Dona Dolores Rodríguez González, a prol de Dona Luisa González Freijido e que no sucesivo se lle xiren os recibos correspondentes a ditas sepulturas o seu nome, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir de presente data as devanditas sepulturas xirarán a nome de Dona Luisa González Freijido, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

CORRECCION DE ERROS.-

Advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28-01-08 no que se autorizaba a acometida de auga a Don Antonio González Losada , para a vivenda sita en Alcalde Meruendano Nº 6 ,1º D , a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda correxi-lo mesmo, de xeito que a acometida concedida é a Don Antonio González Losada o sexa para a vivenda sita en Alcalde Meruendano Nº 6, 1º C.

CAMBIO DE DATOS EN LICENCIA

Visto o escrito de data 8 de febreiro de 2008 , (Entrada Nº 1012), no que MD ACTIVIDADES FAS, S.L.N.E. , solicita que os datos da licenza municipal concedida a nome de Sanmarful Rodriguez Mª Angeles se traspasen a MD ACTIVIDADES FAS, S.L.N.E , a Xunta de Goberno Local , por unanimidade dos asistentes , comprobada a copia da Escritura adxuntada , acorda o traspaso dos datos da licenza solicitados.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes , polo que se achega o orixinal asinado da Addenda nº 1 ao Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible, Augas de Galicia e o Concello de ribadavia para a execución de abastecemento, saneamento, e beirarrúas e seguridade vial na rúa Carballiño da OU-504.

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense polo que se comunica o Concello de Ribadavia , a adxudicación definitiva da seguinte obra : 1/ v. Plano: 2008 Concello de Ribadavia.

-Escrito da Asociación Española Contra o Cancro .

-Escrito da Xefa de Reparto de Ribadavia , solicitando que se proceda a correcta numeración dos edificios do casco urbán.

-Escrito da Escola Galega de Administración Pública na que solicitan a colaboración do Concello para o Observatorio de Goberno Local.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da aprobación por Resolución da Alcaldía de data 30 de decembro pasado do expediente de xeración de créditos que de seguido transcríbese:

“XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº11/07.

Expediente de xeración de créditos nº11 /07, por importe de 214.678,02 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN DE BASES PARA A CREACIÓN DE BOLSAS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO.

Normativa pola que se regula a convocatoria e elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballos (Auxiliares a domicilio) no Concello de Ribadavia.

Norma 1ª.- Obxecto.

O obxecto da presente normativa é regula-la convocatoria e elaboración de listas con aquelas persoas interesadas na cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo (Auxiliares a domicilio) do Concello de Ribadavia, nos que a súa cobertura se considere de urxente necesidade, mentres non sexan ocupadas polo correspondente persoal fixo.

Norma 2ª.- Listas.

Elaborarase unha lista para o persoal laboral ó servicio do Concello de Ribadavia.

A súa orde de prelación virá dada pola puntuación obtida de acordo co baremo.

Norma 3ª.- Solicitudes, apertura da convocatoria e prazos.

3.1.- As solicitudes que presenten os interesados para a súa inclusión na correspondente lista dirixiranse á Comisión de selección de contratacións laborais temporais do Concello de Ribadavia (Concello de Ribadavia, Pza. Maior) e axustaranse ó modelo que se inclúe nesta convocatoria.

3.2.- A apertura da convocatoria e prazo para a presentación de solicitudes serán os 7 días hábiles seguintes contados dende a publicación desta normativa no BOP e poderanse formular perante o Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia.

Teléfonos de información: 988-477100.

Norma 4ª.- Requisitos.

Para participar na selección será preciso cumpri-los seguintes requisitos específicos:

1.- Posuí-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espacio económico europeo, u obستا-lo dereito á libre circulación de traballadores conforme ó Tratado da Unión Europea.

2.- Ter cumpridos 18 anos, salvo que a normativa ou subvención dispoña outra cousa.

3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvendo das correspondientes funcións.

4.- Non estar separado do servicio de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas

5.- Posuí-la titulación esixida par acceder á praza convocada, de acordo co establecido no Anexo I.

6.- Estar en posesión dos títulos profesionais, carnés ou certificados que se esixan e habiliten para unha determinada profesión, oficio ou cometido.

Os requisitos deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación das instancias e que estean debidamente xustificadas.

Norma 5ª.- Documentación.

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se adxuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concelo ou remitilas por calqueira dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de sete días hábiles, comenzando a computarse dito prazo a partir do días seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia poderá verse reducido-, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os extranxeiros.

- Copia cotexada da titulación académica, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.

- Documentos acreditativos dos periodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.

- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

Norma 6ª.- Elaboración das listas.

6.1.- Comisión de selección. A comisión de selección estará integrada do seguinte xeito:

PRESIDENTE: Un funcionario do Concello designado polo Alcalde.

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: -Funcionario ou persoal laboral fixo do Concello designado polo Alcalde .

-Funcionario ou persoal laboral fixo designado polo Alcalde, coa mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

-Funcionario ou persoal laboral fixo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal Laboral do Concello.

Os funcionarios ou persoal laboral designado deberá ter a mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

No caso que non haxa funcionarios ou persoal laboral fixo no Concello con coñecementos específicos das prazas convocadas, poderá solicitarse o nomeamento de funcionarios/persoal laboral fixo a outros Concellos, Deputación ou Xunta de Galicia.

O Tribunal, sempre que o considere necesario e con carácter excepcional, podera designar asesores con coñecementos específicos relativos as prazas convocadas, sendo as súas funcións de asesoramento o tribunal de valoración e sen dereito a voto.

6.2.- A Comisión de selección para a cobertura temporal de postos de traballo reservados ó persoal laboral será a encargada de elabora-las listas correspondentes.

6.3.- Unha vez elaboradas as listas, o Concello de Ribadavia, publicará o anuncio de exposicións destas nos taboleiros de anuncios do Concello de Ribadavia.

6.4.- Os chamamentos realizaranse prelativamente, de acordo cos méritos baremados, por medio de telegrama. De non obterse resposta no prazo de 72 horas hábiles, chamarase ó seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

6.5.- A partir da publicación das listas, quedarán sen efecto calquera das anteriores que puideran existir.

Norma 7ª.- Baremo de méritos.

1.- Circunstancias persoais.-

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada mes acreditado como desempregado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por servicios voluntarios prestados á Comunidade a traves de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.

2.- Experiencia profesional.-

- Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

3.- Formación especializada.-

Por cada curso de formación, perfeccionamiento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demais centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos

- Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos

- Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos

- Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

4.- Titulación:

Por titulación superior a esixida para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por título académico superior ó esixido, da mesma rama e especialidade, valorarase o grao superior acreditado con 0,50 puntos

2. Por outras titulacións.

Títulos ou certificados profesionais, carnés, superiores ós esixidos e expedidos por organismos oficiais, pero da mesma rama e especialidade, valorarse o grao superior acreditado con 0,50 puntos.

Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos

- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos

- Curso de especialización: 0,50 puntos

Norma 8ª.- Entrevista.-

Co obxecto de determinar a idoneidade da persoa o posto de traballo ofertado realizarase unha entrevista persoal sobre cuestións relacionadas co posto de traballo, valorarase de 0 a 2 puntos.

Os puntos obtidos neste apartado sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

Norma 9ª.- Interpretación e normativa supletoria. A interpretación destas normas correspóndelle á Comisión de Selección. A normativa supletoria é a disposta para o mesmo asunto pola Xunta de Galicia no seu convenio e decretos de desenvolvemento.

Ribadavia, 11 de febreiro do 2007.-

O ALCALDE,

Asdo.: Marcos Blanco Jorge.

ANEXO I.

Categoría; grupo; titulación; outros requisitos.

- Auxiliares a domicilio; V; Certificado de escolaridade ou equivalente; Carne de conducir.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D/^a

provisto/a de D.N.I. nº con enderezo na rua.....

nº.... piso..... C.Postal..... Localidade..... Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballo (Auxiliares a domicilio) no Concello de Ribadavia.

DECLARO:

1º.- Que conozo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

Ribadavia,..... de..... 2008.

ANEXO III
DECLARACION RESPONSABLE.

D/^a..... provisto de D.N.I. nº....., con enderezo na rúa..... núm.....
piso..... C.P..... Localidade..... Municipio.....Provincia..... Teléfono.....

DECLARO: Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacientemente se o Concello o require.

Ribadavia,..... de..... 2008.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistemtes acorda prestar aprobación as bases reseñadas .

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO